

Fronda


Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

Ano 1.

Nº. 1

Xuño 2006

D.L. Ou.-67/2006



Presentación

Ventos novos axitan os milleiros de documentos que habitan nos andeis do Arquivo Histórico Provincial de Ourense. Ventos novos chegan para axitar esa fecunda espesura de información e memoria, para levantar e abanear follas voandeiras que saian a pregoar a riqueza dese patrimonio documental pola xeografía galega e por outras terras. Esas *follas rondadoras* voarán co impulso que xorde do convencemento da importancia que ten o compromiso activo das institucións públicas custodias de bens patrimoniais co acrecentamento da cultura e o fomento da harmonía e o espírito crítico da sociedade cara ao seu melloramento. Esas follas constituíranse, despois, nunha follaxe irisada, onde se acubille e asubíe o espírito do tempo, onde se poda apreciar a face e o envés dalgunhas follas dos milleiros que enchen a historia.

Fronte a unha sociedade na que o tedio e a indolencia son cada vez máis unha presenza desalentadora, desexamos proporcionar unha visión nova, imbuída dun espírito crítico e lúdico, sobre calquera elemento relativo aos arquivos, ao patrimonio documental e á cultura escrita en xeral que sexa susceptible de acrecentar a curiosidade dos individuos e enriquecer a súa personalidade. Pois temos o convencemento de que, segundo consideraba a *paideia* grega, redundará en beneficio da colectividade, xa que a persoa encóntrase en íntima relación co mundo circundante, coa natureza e a sociedade humana, non illada; de xeito que as manifestacións da individualidade nunca son exclusivamente subxectivas.

Partindo, pois, deses presupostos, a incitación á curiosidade, á crítica, e un certo sentido lúdico da existencia, damos nacemento a *Fronda*.

¡A incitación ao saber está preñe de substanciosos auspicios!

Pablo Sánchez Ferro
Director do AHPOu




Arquiloco:

Os arquivos, na súa acepción de conxunto de documentos organizados, naceron ao tempo que se asentou a organización social da humanidade, tendo como límite cronolóxico posible da súa existencia a orixe da escritura, mediado o IV milenio a. C. Temos novas da presenza de arquivos reais, de templos e bancarios (como o da familia Murasu) nas civilizacións mesopotámicas, onde xa existiu un sistema de clasificación dos documentos, como proba o arquivo real de Ugarit, onde estes eran instalados en tres depósitos diferentes segundo fosen de carácter diplomático, financeiro ou administrativo. ^{PSF}

Punto doc: “A memoria de pel: os pergameos” I

O pergameo é un soporte escriturario derivado do tratamento, por medio do curtido e a elaboración, das peles de certos animais: tenreiras, años, ovellas, cabras; incluso cervos, porcos, asnos, touros, etc. O nome asenta a súa raíz etimolóxica no vocábulo latino *pergamea* (aínda que tamén se chamou *membranula*), supostamente, segundo atribución de Marco Varrón, pola súa invención na cidade de Pérgamo, sendo o seu rei Eumenes (m. no 159 a.C), fundador da célebre biblioteca desa urbe. O pergamiño é un soporte orgánico, por tanto afectado pola biodegradación, de natureza proteínica (derivado da pel animal), sometido a un procedemento de semicurtume que non logra anular a súa sensibilidade fronte á auga, que é o elemento condicionante da súa prestancia física; no caso de que exista unha humectación elevada, o pergameo quedará flácido, mentres que se existe deshidratación acartonarase, podendo, en caso de rixidez extrema, romperse. No caso de haber un exceso de humidade, se as temperaturas son mornas, poden aparecer microorganismos (fungos e bacterias) que destrúan a materia ao nutrirse cos compoñentes orgánicos estruturais do pergameo. ^{PSF}

Testemuñas



1316, agosto, 16

Confirmación feita por Afonso XI dun privilexio outorgado por Afonso VII, no que doa ao prior de Santa María de Sar, Don Pedro, o mosteiro e couto de Xunqueira de Ambía, para incorporalo á súa orde.

Inserido, privilexio de Afonso VII, feito en 1150, abril, 30.

Pergameo. 495x685 mm. R.

AHPOu, Colexiata de Sta. Mª de Xunqueira de Ambía, Carp.30 nº1.

Neste número presentamos o tipo documental máis solemne dende o punto de vista diplomático e paleográfico: o **privilegio rodado**; que foi utilizado entre os séculos XII e XV.

O privilexio vai escrito nun pergameo de gran formato con letra chanceleresca e complementos ornamentais, como son letras capitais, crismón, columnas de confirmantes e a roda, que é o elemento diferenciador do documento. Todos estes elementos poden ir policromados; o que o fai aínda máis vistoso. Este tipo de documento empregábase para temas solemnes, nun principio fundamentalmente para doazóns reais; a partir do século XIII, usárase para confirmacións de ditos documentos que irán inseridos nelas.

O elemento máis significativo é a *rota* ou “roda” chamada así pola forma que ten o signo real de validación do documento, do que toma o nome o tipo documental. Este tipo de signo aparece por primeira vez na chancelería pontificia e no noso país introdúceo o arcebispo compostelán Xelmírez e tómasse como modelo para validar a documentación real. Nun principio, a roda era moi sinxela e irá evolucionando e complicándose a súa forma ata chegar o modelo que se presenta neste documento. Consta de tres círculos concéntricos: no interior vai o emblema da coroa, no segundo o nome do monarca outorgante e no máis externo o nome do mordomo rexio.

Dos outros elementos formais e ornamentais do privilexio, é de destacar o crismón policromado que principia o texto. O crismón é o monograma simbólico-gráfico que se forma coa combinación das primeiras letras gregas do nome de Cristo: a *ji* (X) e a *ro* (P), en maiúsculas.

M.ª Ascensión Enjo Babío
Amalia López Martínez
M.ª José Losada Meléndez

Lexicón

Fron da: Conxunto de follas e ramaxe formando espesura, que reenche o campo dalgúns selos e escudos.

Texto: Pablo Sánchez Ferro coa colaboración do equipo técnico do AHPOu.
D.L. OU 67/2006, ISSN 2659-3491